

# “O negriño Panchito”

Reproducimos deseguido o texto deste relato” incluído por Castelao no seu libro *Cousas* (1929).

- CASTELAO, ALFONSO, R.: *Cousas*, Vigo: Galaxia, 1962, p. 54-55.



**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**  
Arquivo da Emigración Galega

Rúa Galeras, 13 / 15705 Santiago de Compostela / A Coruña  
Tel: +34 981 557351 / Fax: +34 981 582985 / [aemigracion@consellodacultura.org](mailto:aemigracion@consellodacultura.org)



*Chegou das Américas un home rico e trouxo consigo un negrito cubano, coma quen trae unha mona, un papagaio, un fonógrafo...*

*O negrito foi medrando na aldea, onde deprende a falar con enxebreza, a puntear muiñeiras, a botar aturuxos abrouxadores.*

*Un día morreu o home rico e Panchito trocou de amo para ganar o pan. Co tempo fíxose mozo cumprido, sen máis chatas que a súa cor... Aínda que era negro coma o pote, tiña graza dabondo para facerse querer de todos. Endomingado, con un caravel enriba da orella e unha pola de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.*

*Unha noite de estrelas xurdiu no seu maxín a idea de saír polo mundo á cata de riquezas. Tamén Panchito sentiu, como todos os mozos da aldea, os anceios de emigrar. E unha mañá de moita tristura gabeou polas escaleiras dun transatlántico.*

*Panchito ía camiño da Habana e os seus ollos mollados e brillantes esculcaban no mar as terras deixadas pola popa.*

*Nunca rúa da Habana o negro Panchito tropezou cun home da súa aldea e confesoulle saloucando:*

*-Aí, eu non me afago nesta terra de tanto sol; eu non me afago con esta xente. ¡Eu morro!*

*Panchito retornou á aldea. Chegou pobre e endeble; pero trouxo moita fartura no corazón. Tamén trouxo un sombreiro de palla e máis un traxe branco...*